



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Proxecto de Lei pola que se modifica a Lei 5/1999, de ordenación farmacéutica

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas enchentes acaecidas nos días 2 e 3 de outubro en Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se regula a distribución do fondo complementario do Fondo de Cooperación Local para o ano 2006

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se declara de interese público a compatibilidade da impartición de ensinanzas de música e artes escénicas, artes plásticas e deseño coa actividade realizada noutro posto do sector público cultural.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establece o procedemento de liquidación das cámaras agrarias provinciais de Galicia



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se delimita o contorno de protección do Castelo de Palma, concello de Mugardos, provincia da Coruña

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración que se subscribirá entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Rois para a construción dunha escola infantil 0-3 integrada na Rede de escolas infantís 0-3 (Galescola).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración que se subscribirá entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Foz para a construción dunha escola infantil 0-3 integrada na Rede de escolas infantís 0-3 (Galescola).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de proxectos de intervención social integral para a atención, prevención da marxinação e inserción do pobo xitano.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Culleredo para a construción dunha área de estacionamento de autobuses en Vilaboa.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Ponte Caldelas para a realización das obras de mellora da inserción na PO-532 de Pontevedra a Ponte Caldelas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Catoira para a mellora da intersección na PO-548 Pontecesures-Vilagarcía, construción de glorieta.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Coruña.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello da Illa de Arousa para realizar as obras de recuperación do contorno patrimonial do antigo peirao do Pau e do Museo da Conserva.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Marín para o acondicionamento da rúa Calzada transformando en rede separativa o saneamento da rúa.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a organización da actividade de divulgación científica *O mundo na túa cabeza*, no marco da Semana da Ciencia de Galicia 2006.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa federación empresarial de serradores e rematantes de madeira de Galicia e a *Asociación Monte-Industria* para a realización de estudos e accións de promoción como foro divulgador dos avances do complexo silvicultura-madeira en Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Barco de Valdeorras para a construción dunha planta de compostaxe de residuos vexetais, por importe de douscentos setenta e dous mil catrocentos setenta e un euros con corenta e nove céntimos (272.471,49 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e a *Fundación Oso Pardo* para a aplicación do Plan de recuperación do oso pardo en Galicia, por importe de douscentos sesenta e oito mil novecentos dezanove euros e un céntimo (268.919,01 €).



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Verín para a execución das obras: “Outras actuacións. Acondicionamento de marxes fluviais. Saneamento e canalización do regato de Ábedes. Verín (Ourense)” por importe de cento oitenta e tres mil trescentos euros (183.300€).
- Acordo polo que autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia para actuacións de mellora no eido rural, por importe de doce millóns novecentos mil euros (12.900.000 €), dos cales sete millóns de euros corresponden á Administración hidráulica en Galicia e cinco millóns novecentos mil euros (5.900.000€) ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

- Declaración institucional de pésame do Goberno galego polo pasamento de José Quiroga Suárez, presidente da Xunta preautonómica entre 1979 e 1982



O GOBERNO GALEGO APROBA OS ORZAMENTOS DE 2007, QUE APOSTAN POLO IMPULSO ECONÓMICO E A IGUALDADE SOCIAL

- *As contas xerais da Xunta de Galicia para 2007 acadan os 10.785 millóns de euros, o que supón un incremento do 8,3% respecto ás de 2006*
- *Céntranse en seis eixes de actuación principal: educación, I+D+i, infraestruturas, emprego, política social e equilibrio territorial*
- *Caracterízanse pola transparencia, o aforro e o rigor orzamentario co obxectivo último de crecer máis e distribuír mellor*

O Goberno da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de Lei de Orzamentos para o ano 2007, que apostan polo impulso económico e a igualdade social. As contas xerais da Xunta de Galicia para o exercicio que vén acadan os 10.785 millóns de euros, o que supón un crecemento do gasto non financeiro do 8,3 % respecto aos de 2006.

Baixo a máxima de crecer máis e distribuír mellor, os orzamentos do impulso económico e a igualdade social caracterízanse pola transparencia, aforro e rigor orzamentario e céntranse en seis eixes de actuación principal: a educación, a I+D+i, as infraestruturas, o emprego, a política social e o equilibrio territorial.

Educación e formación do capital humano

Para acadar estes obxectivos, o Goberno galego dispuxo que medren as achegas destinadas á educación e á formación do capital humano nun 8%. Así, destínase unha partida de 2.161,6 millóns de euros dos presupostos a este obxectivo, o que supón un incremento de 160,2 millóns de euros con respecto ao ano anterior. Deste xeito, cúmprese en dous anos o comprometido para toda a lexislatura, ao acumular esta partida unha suba do 17% en dous anos.

Entre as medidas que o Goberno galego porá en marcha no eido educativo encóntrase a extensión da gratuidade dos libros de texto, que beneficiará a 212.500 alumnos; a implantación da figura do acompañante no transporte escolar no 100% das liñas; e o aumento do número de bolsas para estudar inglés nun país estranxeiro, que se duplica. En canto ás novas tecnoloxías, os orzamentos van permitir que 10.000 novas familias reciban axudas para mercar un ordenador e dotarse aos centros de conexión a internet, pc, portátiles e encerados dixitais.

Investigación, desenvolvemento e innovación

No referente á I+D+i e desenvolvemento empresarial, o Goberno galego incrementará as partidas orzamentarias nesta materia un 17%, acadando un volume total de 401,1 millóns de euros.



Deste xeito, o Plan galego de investigación e desenvolvemento impulsará 2.850 proxectos. O programa de fomento da sociedade da información experimentará un incremento do 50% no seu volume e tamén haberá unha achega de 183,3 millóns de euros para o impulso á modernización, internacionalización e mellora da competitividade empresarial.

Infraestruturas

O esforzo dedicado ás infraestruturas ascenderá no vindeiro exercicio aos 1.494 millóns de euros.

Para o eido das infraestruturas de transporte prevese un incremento do 11,41% respecto aos presupostos do ano 2006. Consígnase así, unha liña de fomento da accesibilidade e transporte por importe de 38,5 millóns de euros; habilitase o plan de seguridade viaria e recóllense partidas para a promoción de solo industrial (cun 64% de incremento), o plan de saneamento das rías galegas e a mellora na ampliación da rede de estradas. Neste sentido, acometeranse 400 quilómetros de estradas novas e acondicionadas.

Emprego estable e de calidade

En canto ao emprego, a Xunta incrementará o orzamento no vindeiro exercicio nun 11%, o que permite acadar un volume de investimento total de 331 millóns de euros.

O Goberno galego prevé que o esforzo realizado logre a creación de 35.000 novos empregos, o que suporá reducir a taxa de paro ao 8,1%. A partida destinada ao emprego conseguirá que este medre un 2,8%, tres décimas máis que no conxunto de España. Ademais, os 331 millóns de euros destinados a esta materia permitirán dotar as medidas de mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo cun 36% máis de presuposto, así como as de integración laboral de colectivos desfavorecidos, cun incremento do 11%. A mellora da cualificación no emprego aumenta o seu volume de recursos nun 113%.

Así, haberá 12.500 beneficiados máis cos proxectos de inserción laboral e producirase unha mellora da cualificación no emprego do que se poderán beneficiar un total de 5.700 mulleres.

Sanidade e benestar social

No referente á sanidade e o benestar social, a Xunta contarán este ano cunha dotación de 4.001 millóns de euros, o que representa unha suba de 228 millóns e un 8% respecto de 2006.

As políticas sociais orientaranse principalmente a tres áreas: sanidade; dependencia; e vivenda. Así, incrementarase nun 7,31% a partida destinada á sanidade, que contará



o ano que vén con 3.388 millóns de euros, 231 millóns máis que en 2006. Entre as accións concretas a desenvolver no eido sanitario está o plan estratéxico de saúde mental, no que o gasto se incrementa un 80,4%. A partida contempla ademais a mellora da atención primaria e a extensión do programa de asistencia bucodental.

Do mesmo xeito, a axuda á dependencia contará con 424,3 millóns, cun incremento do 11%, o que multiplica por 2,6 o investimento do ano anterior. Esta partida permitirá, entre outros aspectos, impulsar a atención a persoas maiores, con discapacidade e dependentes. Así, haberá 400 novas prazas en residencias para persoas dependentes.

O capítulo de vivenda contará cunha partida de 189 millóns de euros, superior nun 9,5% á do ano 2006. Así, o programa para facilitar o acceso á vivenda verá incrementado o seu orzamento ata os 39,7 millóns de euros, mentres que o de fomento da rehabilitación acadará os 95,4 millóns de euros.

A partida destinada a política social incluírá a construción de 56 novas escolas ademais dun incremento do 38,9% para potenciar políticas de cooperación ao desenvolvemento.

Equilibrio Territorial

Por último, os orzamentos aprobados hoxe contemplan tamén incrementar os fondos destinados ao equilibrio territorial nun 9,9%. Este ano, o Plan de Reequilibrio Territorial contará cunha dotación de 225 millóns de euros. Isto permitirá financiar programas para a protección do medio ambiente compatible cun desenvolvemento sostible e incrementar a capacidade de atracción e promoción dos territorios con menor crecemento e a súa disposición de equipamentos. O programa desenvolverá tamén proxectos para a dinamización do medio rural, a accesibilidade do transporte e a recuperación urbana e patrimonial.

Distribución do orzamento

Os orzamentos do Goberno galego para o vindeiro ano achegan 4.001 millóns de euros á área de sanidade e benestar social, o que supón o 37,10% do total presupostado. Á área educativa destínanse 2.161,6 millóns de euros, o 20,04% do total dos orzamentos. O 13,85% (1.494 millóns de euros) destínanse á infraestruturas. As contas da Xunta achegan ademais un total de 401,1 millóns de euros a I+D+i, o que supón o 3,72% do orzamento. Emprego e Fomento reciben o 3,07% do presuposto (331,3 millóns). O 2,08% destinarase ao reequilibrio territorial, un total de 225 millóns.



Reducións fiscais

As reducións fiscais que vai levar a cabo o Goberno galego incidirán no IRPF, as sucesións e doazóns e transmisións patrimoniais. No referente ao fomento do autoemprego, haberá unha dedución de 300 euros para os que inicien unha actividade empresarial ou profesional durante un ano. A medida beneficiará aos homes menores de 35 anos e a todas as mulleres.

No relativo ás sucesións e doazóns, os orzamentos do vindeiro ano facilitarán aos mozos o acceso á vivenda mediante unha redución do 95% da base imponible nas doazóns para adquisición da primeira vivenda ata 30.000 euros a fillos e descendentes menores de 35 anos.

Por último, co obxectivo de facilitar a compra de vivenda, haberá unha redución de imposto do 7% ao 4% para persoas discapacitadas (grado do 65% ou superior) do que poderán beneficiarse 130.000 persoas.



A MODIFICACIÓN DA LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA ELIMINA O LÍMITE DE IDADE DE 65 ANOS PARA SOLICITAR UNHA NOVA FARMACIA

- *O artigo 19.5 di que “en ningún caso poden solicitar a adxudicación dunha nova oficina de farmacia os titulares dunha oficina de farmacia instalada na mesma zona farmacéutica na cal se pretende abrir unha nova”*
- *Respéctase así a cuestións de constitucionalidade suscitada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe aprobou a proposta de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, mediante a que se elimina o límite de idade de 65 anos como impedimento para solicitar unha autorización dunha nova oficina de farmacia.

A modificación prodúcese no artigo 19.5 da normativa, que queda redactado de xeito que “en ningún caso poden solicitar a adxudicación dunha nova oficina de farmacia os titulares dunha oficina de farmacia instalada na mesma zona farmacéutica na cal se pretende abrir unha nova”.

De acordo co número 19.5 da anterior normativa, nin os farmacéuticos que cumprisen 65 anos ao inicio do procedemento, nin os titulares dunha oficina de farmacia instalada na mesma zona farmacéutica poden solicitar unha autorización dunha nova oficina de farmacia. Agora suprímese ese límite de idade para poder solicitar unha autorización de nova oficina de farmacia e para participar no concurso público de adxudicación das autorizadas.

Xunto con isto, elimínase calquera dúbida sobre a constitucionalidade deste artigo que suscitaba o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en canto que a limitación por idade lesionaba o dereito fundamental recoñecido no artigo 14 da Constitución.



A XUNTA DE GALICIA APROBA O DECRETO DE MEDIDAS URXENTES PARA A REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLAS ENCHENTES ACAECIDAS EN DIFERENTES CONCELLOS DA COSTA DA MORTE OS PASADOS 2 E 3 DE OUTUBRO

- *Establécense diferentes liñas de axudas encamiñadas a cubrir danos persoais; danos causados en vivendas e enxoval doméstico; reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados; danos en explotacións agrícolas e gandeiras; danos en establecementos comerciais e turísticos; e axudas a entidades locais*
- *Repararanse danos acaecidos, por mor das enchentes, nos concellos de Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Vimianzo, Camariñas, Muxía e Zas*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas enchentes acaecidas os pasados 2 e 3 de outubro en diferentes localidades da Costa da Morte. Así, ao abeiro deste decreto, repararanse danos ocasionados nos concellos coruñeses de Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Vimianzo, Camariñas, Muxía e Zas. Establécense diferentes liñas de axudas encamiñadas a cubrir danos persoais, danos causados en vivendas e enxoval doméstico, reparación de infraestruturas e equipamentos privados danados, danos en explotacións agrícolas e gandeiras, compensación de danos sufridos en establecementos comerciais e turísticos e axudas a entidades locais.

As axudas públicas reguladas no Decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta desenvolveranse ao abeiro de ordes específicas de diferentes departamentos autonómicos, que serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*. Así, estableceranse axudas concretas desde a Consellería de Economía; desde a Consellería de Vivenda; desde a Consellería de Medio Rural; desde a de Medio Ambiente; procedentes da Consellería de Innovación e Industria; procedentes da Consellería de Presidencia; e tamén procedentes da Consellería de Innovación e Industria.

Axudas por danos persoais

Estas axudas prevense para cubrir situacións xeradas por lesións que causasen a hospitalización de feridos ou de ser o caso incapacidade absoluta permanente por mor das consecuencias das enchentes. Pagaranse entre 60 e 103 euros por día para cubrir gastos de hospitalización.

Cobertura de danos en vivendas e enxoval doméstico

Paralelamente, serán obxecto de axuda os danos causados na vivenda que constitúa a residencia permanente e habitual dos seus moradores, na parte non comprendida nas axudas que puidesen aprobar outras administracións públicas. Cubrirase ata o 100 por cento do valor de reparación ou reposición do inmovible danada, sen que, en ningún caso, o importe da dita axuda poida superar o límite do 100 por cento do



prezo de venda dunha vivenda de promoción autonómica de prezo xeral na mesma localidade.

Así mesmo, serán obxecto os danos causados no resto das vivendas, ata acadar o 40 por cento do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 40 por cento do prezo de venda dunha vivenda de protección autonómica na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse, polo menos, á vivenda ocasional. O texto do decreto sinala que se entende tamén por vivenda, para acollerse a estas axudas, as construcións anexas e instalacións complementarias e elementos comúns de comunidades de propietarios.

Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade. O importe da axuda será do 100 por cento ou do 40 por cento dos gastos de reparación ou reposición dependendo de que o enxoval sexa o da vivenda habitual e permanente ou o da vivenda ocasional, respectivamente.

Os beneficiarios destas axudas serán os propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios dos bens referidos que sufragaran os gastos necesarios de reparación ou reposición.

Reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados

Tamén se establecerán axudas para a reparación dos danos causados polas inundacións en infraestruturas de titularidade privada tales como camiños forestais e captacións privadas.

Axudas para explotacións agrícolas e para establecementos comerciais

Paralelamente, o decreto recolle que serán obxecto de axudas os danos causados por mor das enchentes nas explotacións agrícolas e gandeiras que non fosen cubertas polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado.

Así mesmo, cubriranse danos directos provocados nos establecementos comerciais, mercantís, industriais ou turísticos como consecuencia das enchentes, nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

Axudas ás entidades locais

Finalmente, serán obxecto de axudas ou de actuación directa sobre os bens afectados os danos provocados en infraestruturas locais non previstos nas axudas que para o efecto puidesen aprobar outras administracións, así como os gastos extraordinarios en que incorresen como consecuencia directa das fortes choivas.



A IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS DE MÚSICA E ARTES SERÁ COMPATIBLE COA ACTIVIDADE REALIZADA NOUTRO POSTO DO SECTOR PÚBLICO CULTURAL

- ***O Consello da Xunta aprobou un decreto no cal considera de interese público esta compatibilidade***

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou un decreto polo que se declara de interese público a compatibilidade da impartición de ensinanzas de música e artes escénicas, artes plásticas e deseño coa actividade realizada noutro posto do sector público cultural.

Neste sentido, a Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, establece, con carácter de norma de bases do réxime estatutario da Función Pública, que o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño dun segundo posto de traballo no sector público, agás nos supostos previstos nela. No entanto, o artigo 3 da mesma norma prevé a posibilidade de que os órganos de goberno das comunidades autónomas poidan determinar a compatibilidade do desempeño dun segundo posto, por razón de interese público.

Segundo se recolle no decreto, resulta necesario considerar de interese público –para efectos de compatibilidade- determinados supostos de actividade pública nas ensinanzas artísticas, o que permitirá nelas unha vinculación entre o exercicio profesional e a actividade docente, de xeito que o persoal que as exerce poida impartir docencia e viceversa. A segunda actividade deberá ser de duración determinada, a tempo parcial e en réxime laboral, e requirirá a previa e expresa autorización de compatibilidade.

Así, o texto declara de interese público a compatibilidade do exercicio da docencia nas ensinanzas de música e artes escénicas, artes plásticas e deseño co desempeño dos seguintes postos de traballo: instrumentista, cantante ou director en orquestras sinfónicas, bandas sinfónicas ou coros de titularidade pública; intérprete, escenógrafo ou director de actividades artísticas relacionadas coa arte dramática en compañías de titularidade pública; bailarín, coreógrafo ou director en compañías de danza de titularidade pública; ou profesional da restauración que desenvolva a súa actividade en institucións públicas.



APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE OS CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN PARA A REPARTICIÓN DO FONDO COMPLEMENTARIO INTEGRADO NO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

- *O fondo complementario foi dotado con seis millóns de euros nos orzamentos de Galicia para 2006*
- *A repartición do fondo faise tendo en conta os criterios de poboación, superficie, núcleos de poboación e esforzo fiscal dos municipios*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto no cal se establecen os criterios de distribución dos seis millóns de euros pertencentes ao fondo complementario do Fondo de Cooperación Local. Os devanditos criterios teñen a finalidade de reforzar os recursos asignados a aqueles concellos de menor poboación que, debido á súa regresiva evolución demográfica, son os que presentan maiores problemas de insuficiencia financeira.

Os seis millóns de euros de que está dotado o fondo complementario serán distribuídos entre tres grupos de concellos, conforme unha repartición que destina o 25% do fondo a todos os concellos; a metade aos municipios cunha poboación inferior aos 15.000 habitantes; e o restante 25% aos concellos cunha poboación situada entre os 15.000 e os 50.000 habitantes

A estrutura de repartición ten o obxectivo de reducir os desequilibrios económicos existentes entre os diferentes concellos de Galicia, principalmente en materia de infraestruturas de carácter local; de aí que se trate de fomentar o apoio aos municipios cunha evolución demográfica menor, por seren os máis desfavorecidos economicamente. Entre os criterios de repartición considerados, e aprobados pola Comisión Galega de Cooperación Local, atópanse os de poboación, superficie, núcleos de poboación e esforzo fiscal.



A XUNTA APROBA O DECRETO QUE ESTABLECE O PROCEDIMENTO DE LIQUIDACIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS DAS CÁMARAS AGRARIAS PROVINCIAIS DE GALICIA

- *A norma recolle a creación dunha comisión de liquidación integrada por oito membros, entre eles o presidente da extinta Cámara Agraria, que deberá constituírse no prazo de 15 días desde a entrada en vigor deste decreto.*
- *Este procedemento de liquidación significa un paso máis na eliminación das cámaras agrarias como organismos de representación do sector para dar paso ao pleno funcionamento do Consello Agrario Galego como un órgano de interlocución estable entre Administración e produtores.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto mediante o cal se regula o procedemento de liquidación dos medios materiais das cámaras agrarias provinciais de Galicia, que quedaron oficialmente disoltas tras a publicación da Lei do Consello Agrario Galego o pasado 5 de xuño de 2006. Precisamente nesta normativa se facultaba a Consellería do Medio Rural a proceder á dita liquidación e, polo tanto, a establecer o proceso mediante o cal se vai executar. Deste xeito, tanto a liquidación dos dereitos non reais ou de contido en diñeiro que pertencían a estes organismos, como a realización do inventario daqueles bens e dereitos que agora quedan integrados no patrimonio da Comunidade Autónoma, e adscritos á Consellería do Medio Rural, corresponderalle a unha comisión liquidadora.

Segundo se establece no decreto aprobado hoxe, esta comisión estará formada por oito membros que distribuirán as funcións da seguinte maneira: como presidente exercerá o presidente da respectiva cámara agraria extinguida e como secretario actuará o secretario da corporación. Ademais, cada unha das tres organizacións agrarias con representación na cámara elixirá un vogal aos cales se sumarán outros tres vogais, en representación da Administración, designados polo delegado provincial de Medio Rural correspondente. Esta comisión deberá constituírse no prazo de quince días desde a entrada en vigor do decreto e, a continuación, no prazo dun mes deberá elaborar un informe sobre a situación administrativa, orzamentaria e patrimonial da respectiva cámara. O documento incluírá información sobre os bens mobles e inmoebles que integran o patrimonio da cámara e sobre o estado de tesouraría, relación de contas e saldos, dereitos pendentes de cobramento e obrigas recoñecidas no momento de efectuar a liquidación.

Unha vez recibidos estes informes, a Consellería do Medio Rural aprobará as operacións liquidadoras e abrirá un prazo de vinte días, mediante o correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para a presentación de alegacións. Culminado todo o proceso, o departamento autonómico poderá aprobar de xeito definitivo estas



liquidacións, quedando adscritos os bens e dereitos que non fosen liquidados ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante este proceso de liquidación, o Goberno galego dá un paso máis na disolución das cámaras agrarias provinciais como órganos de representación do sector con escasa funcionalidade e pouco adaptados á súa realidade actual. Deste xeito, avánzase nas competencias adquiridas polo Consello Agrario Galego no que Administración e representantes dos produtores someten as actuacións do Goberno galego en materia de agricultura, gandería e desenvolvemento rural a consulta e a avaliación constante.



A XUNTA DE GALICIA DELIMITA O CONTORNO DE PROTECCIÓN DO CASTELO DA PALMA, EN MUGARDOS

- *A medida tómase para incrementar a zona de protección do castelo como ben de interese cultural*
- *Trátase do máximo nivel de protección que permite a lexislación galega*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo cal se delimitará o contorno de protección do Castelo da Palma, no concello de Mugardos. O que se pretende é facilitar unha axeitada protección do contorno do castelo, situado na parroquia de San Xulián, en Mugardos.

Trátase de evitar calquera tipo de agresión a este ben, xa que estamos a falar do máximo nivel de protección dun ben cultural que permite a lexislación galega. Entre as consecuencias desta medida está a obriga de pedir permiso á Dirección Xeral de Patrimonio para calquera tipo de obra, ben sexa no inmovible ben no seu contorno. Para a delimitación final do contorno solicitáronse informes de institucións consultivas como son a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, a Real Academia Galega de Belas Artes e o Consello da Cultura Galega.

O Castelo da Palma forma parte do sistema defensivo de acceso á ría de Ferrol desde o océano. A súa orixe remóntase á época dos enxeñeiros militares de Felipe II, no último cuarto do século XVI. Nace integrado nunha estrutura defensiva de tres castelos: San Felipe, San Martín e o da Palma. Co desenvolvemento do Arsenal Militar realízanse obras de ampliación nos séculos XVIII e XIX por mor dos avances tecnolóxicos no eido militar. Na segunda metade do século XX, coa ditadura franquista, convértese nunha prisión militar.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVESTIRÁ 400.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE FOZ

- *O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe o convenio para a construción da escola infantil 0-3 de Rois, á cal se destinarán 192.000 euros*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura de dous convenios de colaboración para a construción das escolas infantís de 0 a 3 anos nos concellos de Foz e Rois, nos cales tamén se fixan as bases para o mantemento destes servizos. Os dous centros, aos cales a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina un total de 592.000 euros, integraranse na Rede Galescola, e pasarán a xestionarse dentro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As obras de construción desta nova escola infantil de Foz teñen un orzamento inicial de 500.000 euros e implican a rehabilitación do antigo Hotel Bahía, propiedade municipal, que vai albergar o futuro centro. Para este proxecto e para a urbanización do contorno, a Xunta vai achegar o 80% do custo global, un total de 400.000 euros distribuídos en dúas anualidades de 45.000 euros para 2006 e 355.000 euros en 2007.

O convenio que asinarán a Xunta e o Concello de Rois regula a colaboración das dúas institucións para a construción da escola infantil 0-3 do municipio. A escola infantil estará integrada dentro do edificio multiusos que se vai edificar no lugar de Oín, un proxecto global orzado en 1.069.234 euros, dos cales, para a construción da escola infantil, se asignan 192.224 euros. A estas obras, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar contribuirá cunha achega económica de 192.000 euros para o financiamento do proxecto, as obras e a urbanización do contorno perimetral do centro.

Tanto a escola de Foz como a de Rois forman parte da Rede Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia. Unha vez creados, e en virtude dos convenios asinados, os centros pasarán a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do cal se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento destes servizos, correspondéndolles un mínimo do 30% aos concellos e outro tanto aos usuarios.



XUNTA E MINISTERIO DE TRABALLO COOPERAN NA EXECUCIÓN DUN PLAN PARA A ATENCIÓN, PREVENCIÓN DA MARXINACIÓN E INSERCIÓN DO POBO XITANO

- *Ambas as administracións asinarán un convenio para desenvolver distintas iniciativas, cun importe global de 380.071 euros*
- *As actuacións realizaranse na Coruña, Culleredo, Narón, Ribeira, Santiago de Compostela, Lugo, Quiroga, Viveiro, Ourense, O Carballiño, Mancomunidade do Carballiño, Maceda, Verín, Xinzo de Limia, Marín, O Porriño e Poio*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a realización de proxectos de intervención social integral para a atención, prevención da marxinação e inserción do pobo xitano. O investimento global do acordo é de 380.071 euros, dos cales o Ministerio achegará 213.488 euros, a Vicepresidencia 166.583 euros e as corporacións locais beneficiarias 16.658 euros.

A través do convenio que asinarán a Vicepresidencia e o Ministerio de Traballo executarán conxuntamente o Plan de Desenvolvemento Xitano para este ano 2006, mediante distintos proxectos de intervención social integral para a inserción do pobo xitano. Atenderase de xeito prioritario á continuidade dos proxectos xa financiados en exercicios anteriores, tendo en conta o índice estimado de poboación xitana residente. En calquera caso, todos os proxectos serán promovidos e supervisados polos concellos onde se desenvolvan.

Proxectos

As iniciativas postas en marcha no Plan de Desenvolvemento Xitano inclúen actuacións en cinco concellos da provincia da Coruña, máis concretamente nos municipios da Coruña, Culleredo, Narón, Ribeira e Santiago de Compostela. Na provincia de Lugo fináncianse proxectos en Lugo, Quiroga e Viveiro. En Ourense desenvólvense iniciativas e programas de desenvolvemento xitano en Ourense, O Carballiño, Maceda, Verín, Xinzo de Limia e na Mancomunidade de concellos do Carballiño. Por último, na provincia de Pontevedra execútanse actuacións en Marín, no Porriño e en Poio.



POLÍTICA TERRITORIAL COLABORA CO CONCELLO DA CORUÑA NA REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

- ***A Consellería financiará o 50% do custo dos estudos, que permitirán a adaptación do PXOM á lexislación urbanística actual***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e máis o Concello da Coruña colaborarán na redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal da cidade herculina.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre ambas institucións, segundo o cal Política Territorial financiará o 50% do custo total estimado para a redacción do PXOM. Deste xeito, a CPTOPT achegará un total de 750.000 euros repartidos en catro anualidades desde este ano ata o 2009.

O convenio, que será asinado proximamente, responde á necesidade de que a segunda cidade de máis poboación de Galicia conte cun novo PXOM adaptado ao marco xurídico estatal e autonómico que procure un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sostible.

As cláusulas do convenio establecen que o novo documento que elaborará o Concello da Coruña estará adaptado á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia. Así mesmo, deberá incorporar a reordenación do ámbito portuario, un estudo sectorial sobre infraestruturas de comunicacións (viarias, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias) con especial atención á incidencia do novo porto exterior e ao transporte de viaxeiros e mercadorías dentro da área metropolitana.

Así mesmo, o novo PXOM incluírá estudos sectoriais relativos a espazos e políticas ambientais, sobre zonas empresariais e loxísticas e sobre equipamentos e dotacións públicas.

Cómpre salientar que a Consellería, tamén a través de convenios de colaboración específicos, ten prestado axudas técnicas e económicas a outros concellos (como por exemplo o de Vigo, Ourense, e Santiago de Compostela) para a redacción de novas normas urbanísticas.



A CPTOPT INVESTIRÁ 300.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA ESTRADA PO-548 AO SEU PASO POR CATOIRA

Política Territorial construírá unha glorieta en Catoira co fin de mellorar as condicións de seguridade viaria da actual intersección na PO-548 Pontecesures-Vilagarcía de Arousa e o acceso ao centro de saúde da localidade.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a autorización do gasto de máis de 300.000 euros para que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes formalice un convenio co Concello de Catoira co fin de substituír a actual intersección, existente no punto quilométrico 9,200 da PO-548 que une Pontecesures con Vilagarcía de Arousa, por unha glorieta.

Con esta actuación, esta estrada -integrada na rede de estradas de titularidade autonómica- verá mellorada notablemente a súa fluidez de circulación e as condicións de seguridade viaria en que se desenvolve. Servirá, ademais, para ordenar o tráfico nesta zona na cal tamén conflúen outras vías municipais e onde tamén se atopa o centro de saúde da localidade, garantindo unha maior seguridade non só para os usuarios de vehículos senón tamén para os viandantes.

Investiranse, en total, 304.000 euros, que ademais de mellorar notablemente as condicións de seguridade viaria na zona coa creación desta rotonda, servirán para dotar a cidadanía dun aparcadoiro nas inmediacións que posibilite un acceso cómodo e práctico ao centro sanitario e evite o estacionamento na vía, tal como ata o de agora se viña realizando, o que supón un grave perigo para a seguridade viaria.



AS OBRAS DE MELLORA DA INTERSECCIÓN DA PO-532, EN PONTE CALDELAS, TERÁN UN INVESTIMENTO DE 182.000 EUROS

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá 182.000 euros nas obras de mellora da intersección da estrada PO-532 Pontevedra-Ponte Caldelas, ao seu paso por Ponte Caldelas. O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Ponte Caldelas co obxecto de levar a cabo as citadas obras.

Esta actuación sobre o orzamento que se atopa no punto quilométrico 12,840 situado no termo municipal de Ponte Caldelas, enmárcase na política de progresiva eliminación de tramos de concentración de accidentes e mantemento das infraestruturas autonómicas desenvolvida pola CPTOPT. Esta intervención suporá unha importante mellora das condicións de seguranza viaria deste cruzamento no cal se rexistraron varios accidentes.

Nesta intersección, na cal converxen ademais os dous ramais da PO-532 que dan acceso á localidade de Parada e aos núcleos da Aldea e A Lomba, a actuación que realizará a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes consiste basicamente en mellorar a visibilidade e suavizar o actual trazado.

A intervención beneficiará especialmente os habitantes das localidades citadas, que contan cunha poboación considerable, pero que utilizan con frecuencia este cruzamento por estar situado nas inmediacións do cemiterio municipal e da igrexa parroquial.



VILABOA, EN CULLEREDO, CONTARÁ CUNHA ÁREA DE ESTACIONAMENTO AO ABEIRO DUN CONVENIO ASINADO ENTRE POLÍTICA TERRITORIAL E ESTE CONCELLO CORUÑÉS

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Culleredo co fin de construír unha área de estacionamento de autobuses na localidade de Vilaboa.

Política Territorial financiará con 165.000 euros (repartidos en dúas anualidades) esta actuación, que contribuirá a mellorar as condicións en que se está a prestar o servizo de transporte metropolitano na área da Coruña.

A creación desta área de estacionamento suporá unha mellora importante para os veciños e veciñas de Culleredo, así como para o resto de viaxeiros que se acheguen ao municipio que, polo súa entidade, non precisa da construción dunha estación de autobuses en sentido estrito.

Esta actuación enmárcase dentro das políticas de fomento e mellora do transporte público perseguidas pola Consellería de Política Territorial, co fin de garantir unhas mellores e máis cómodas condicións de uso para os viaxeiros e contribuír á ordenación da circulación e o tráfico na zona, ao concentrar nun único punto as chegadas e saídas dos distintos tráfico.



A XUNTA FINANCIARÁ CON 219.500 EUROS AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO ANTIGO PEIRAO DO PAU E DO MUSEO DA CONSERVA NA ILLA DE AROUSA

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Illa de Arousa para a recuperación do contorno patrimonial do antigo peirao do Pau e do Museo da Conserva, situado no núcleo urbano do municipio.

Política Territorial financiará con 219.500 euros as obras de urbanización do espazo que enlaza o antigo peirao do Pau coa antiga fábrica de salgadura e conservas de Goday, futuro Museo da Conserva da Illa. A actuación prevista inclúe a pavimentación da zona así como a dotación de servizos de distribución de auga potable, enerxía eléctrica, saneamento e luz pública.

A zona que é obxecto de actuación configurará a área institucional pública máis importante do concello, polo cal a súa posta en valor contribuirá a definir un espazo para o disfrute dos cidadáns.

No convenio, que será asinado proximamente entre a conselleira de Política Territorial e o alcalde da Illa, establécese que o concello deberá poñer á disposición da CPTOPT os terreos necesarios para levar a cabo as obras, así como a tramitación dos correspondentes permisos e licenzas. Así mesmo, unha vez rematada a actuación, será o concello o que asuma a explotación e conservación desta área que enlaza dous elementos de gran valor cultural, como son o peirao do Pau e o museo.



CPTOPT E AUGAS DE GALICIA INVESTIRÁN MÁIS DE 1.250.000 EUROS EN OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E SANEAMENTO DA RÚA CALZADA EN MARÍN

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e máis a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, acometerán as obras de acondicionamento e saneamento da rúa Calzada, en Marín, nas cales investirán un total de 1.251.530 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración en que se sentan as bases desta actuación e que proximamente asinarán os responsables dos devanditos departamentos autonómicos, xunto co alcalde de Marín.

A necesidade de acometer estas obras vén dada polo estado actual da rúa Calzada, caracterizado por unha profusión de fochancas que afectan puntualmente a base do firme, e cun pavimento que presenta fendas e deformacións xeneralizadas que reflicten unha perda de resistencia estrutural, o que non garante unha axeitada seguranza viaria.

Ademais, de xeito periódico estanse a rexistrar inundacións derivadas das graves deficiencias na rede de saneamento que é unitaria, cun colector ao límite da súa capacidade e uns elementos de drenaxe superficial practicamente inutilizables. Estes defectos agudízanse cando se producen desbordamentos do río Lameira, convertendo a devandita rúa nunha canle improvisada, cos conseguintes danos nas edificacións, pavimentos e infraestruturas e os prexuizos aos veciños.

As obras que se van desenvolver consistirán na mellora e acondicionamento da rúa Calzada, así como na instalación dunha rede separada de saneamento, é dicir, con conducións diferentes para pluviais e residuais.

Segundo o convenio, a CPTOPT financiará o 50% das actuacións mencionadas, achegando un total de 625.765 euros repartidos en dúas anualidades. O organismo autónomo Augas de Galicia, pola súa parte, colaborará con idéntico financiamento.

Pola súa banda, o Concello de Marín encargárase tanto do proxecto técnico, como da contratación, execución e recepción das obras mencionadas, ademais de lograr a dispoñibilidade previa dos terreos necesarios.

Coa sinatura do convenio, a Consellería de Política Territorial iniciará o procedemento administrativo para o cambio de titularidade da rúa Calzada a favor do Concello de Marín.



O MUNDO NA TÚA CABEZA, NO MARCO DA SEMANA DA CIENCIA, ACHEGARÁ A NEUROCIENCIA Á SOCIEDADE

- ***A Consellería de Innovación e Industria financiará con 250.000 euros a organización da actividade polo Museo de Historia Natural Luís Iglesias da Universidade de Santiago de Compostela***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a organización da actividade de divulgación científica *O Mundo na túa Cabeza*, no marco da Semana da Ciencia 2006. O departamento que dirixe Fernando Blanco achegará 250.000 euros para o desenvolvemento desta actividade, que organizará o Museo de Historia Natural Luís Iglesias da Universidade de Santiago de Compostela.

A actividade insírese no Programa de sensibilización social do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica da Consellería de Innovación e Industria, con que colabora a USC como entidade que cumpre un importante papel no achegamento da ciencia e da tecnoloxía á sociedade. Neste caso, o proxecto "O Mundo na túa Cabeza" incluírá actuacións de diversa índole, como varias exposicións en diferentes localidades galegas e actividades complementarias dirixidas a todos os públicos, que incluírán charlas divulgativas, cafés-científicos, actividades de teatro, danza e cine, etc.



MEDIO RURAL ASINARÁ UN CONVENIO PARA A PROMOCIÓN DA INDUSTRIA DE MADEIRA E DE SILVICULTURA DE PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN

A Consellería do Medio Rural asinará un convenio de colaboración coas asociacións que aglutinan as industrias de primeira transformación en Galicia, que permitirá realizar un plan de comunicación sectorial e unha análise da silvicultura e dos seus produtos, cos obxectivos de potenciar a cadea produtiva mediante o peche de ciclos e a diversificación de actividades, de promover o uso da madeira galega e de incrementar o seu posicionamento nos ámbitos estatal e internacional.

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Empresarial de Serradores e Rematantes de Madeira de Galicia e Asociación Monte-Industria, para a realización de estudos e accións de promoción como foro divulgador dos avances do complexo silvicultura-madeira en Galicia, por un importe de 405.167 euros, distribuídos en tres anualidades.

Medio Rural pretende conseguir unha revalorización do monte mediante o aproveitamento do sector forestal, polo que este convenio quere contribuír a potenciar a cadea produtiva con especial interese na diversificación de actividades, no peche de ciclos e na obtención de valor engadido co fin de garantir rendas dignas, tanto para propietarios como para traballadores e empresarios. Deféndese tamén que as transformacións industriais se realicen no mesmo lugar onde se extraen as materias primas co obxectivo de ofrecerlle ao mercado un produto xa rematado para incrementar o valor engadido da produción, da riqueza e do emprego no medio rural.

Con este convenio quérese incentivar a mellora da situación actual do sector forestal, promover o uso da madeira galega, incrementar o posicionamento do sector no ámbito nacional e internacional, mellorar a valoración do produto fabricado en madeira galega e xerar un clima favorable para introducir os cambios precisos para optimizar recursos e gañar mercado na industria de primeira transformación.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E O MINISTERIO DE AGRICULTURA INVESTIRÁN CASE 13 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS NO RURAL GALEGO

Núcleos de poboación con menos de 2.000 habitantes serán os destinatarios dos case 13 millóns de euros que as administracións central e autonómica acordaron investir, a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, na dotación ou mellora das redes de abastecemento e saneamento de augas do medio rural galego.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio de colaboración entre o MAPA e a consellería para a realización entre este ano e o que vén destas obras en poboacións rurais das catro provincias galegas. O Ministerio achegará 5,9 millóns e Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, os restantes sete millóns.

Este convenio responde á vontade de ambas as administracións de corraxir o desequilibrio entre zona urbana e a do ámbito rural, impulsando medidas de discriminación positiva a favor dos núcleos con menor poboación, especialmente no interior de Galicia. O obxectivo de accións como este convenio para o aproveitamento de augas no rural é favorecer o desenvolvemento de actividades produtivas nestas zonas e contribuír deste xeito a frear o proceso de envellecemento e despoboación que padecen e intentar atraer novos habitantes.

A construción de redes de abastecemento de auga potable alí onde non existan e a dotación ou reforma de sistemas de depuración de augas residuais constitúen o conxunto de actuacións que realizarán e financiarán conxuntamente o ministerio e a consellería. Aínda que se acometerán obras en municipios das catro provincias galegas, serán as de Lugo e Ourense as máis beneficiadas por estes investimentos dado que concentran a maior parte do rural de Galicia.



MEDIO AMBIENTE DEDICA 269.000 EUROS AO PLAN DE RECUPERACIÓN EN GALICIA DO OSO PARDO, UNHA ESPECIE AMEAZADA

- *Instalaranse pastores eléctricos para protexer a alvarizas, leiras e cultivos de posibles ataques de animais como o oso ou o xabaril*

O plan de recuperación en Galicia do oso pardo, un animal en perigo de extinción incluído no Catalogo Nacional de Especies Ameazadas e considerado prioritario pola Directiva de Hábitats da Unión Europea, contará cun investimento total de 269.000 euros para este ano e os dous seguintes. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible asinará coa Fundación Oso Pardo un novo convenio de colaboración, que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta, para continuar desenvolvendo e coordinando actuacións para a aplicación deste plan, que está regulado mediante un decreto específico de 1992.

A *Fundación Oso Pardo*, unha organización non governamental con acreditada experiencia na conservación, estudo e divulgación desta especie, encargárase, mediante unha patrulla de tres vixiantes formados especificamente para estas tarefas, do seguimento e vixilancia da poboación de osos en terreos cinexeticamente ordenados, en refuxios de fauna e zonas de aproveitamento cinexético común dos municipios lucenses de Cervantes, Navia e Negueira de Muñiz.

Pastores eléctricos

A fundación, de acordo coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza, promoverá e instalará pastores eléctricos para protexer as alvarizas contra os danos que poidan causarlle os osos. Utilizarase o mesmo sistema de protección en leiras e cultivos para previr danos causados polos xabarís.

O plan de recuperación do oso pardo inclúe desenvolver actividades de educación ambiental con escolares dos centros educativos de Cervantes, Navia e Folgoso do Courel. Editarase tamén material de divulgación sobre o oso para distribuír a colectivos específicos, como o dos cazadores.

Unha comisión integrada por representantes da Consellería de Medio Ambiente e da Fundación Oso Pardo encargárase de coordinar os traballos que se realicen para a recuperación e protección desta especie.



MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ UNHA PLANTA DE COMPOSTAXE DE RESIDUOS VEXETAIS NO BARCO DE VALDEORRAS

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financiará e construíra unha planta de compostaxe de residuos vexetais no municipio ourensán do Barco de Valdeorras. Esta obra, que suporá un investimento total de 272.472 euros con cargo integramente aos orzamentos do departamento autonómico, foi solicitada polo devandito concello tras o éxito da experiencia de compostaxe doméstica que levou a cabo durante un ano en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e coa participación de 350 familias do Barco.

O Consello da Xunta, na súa xuntanza de hoxe, deu luz verde a este proxecto co cal se pretende fabricar un produto fertilizante a partir dos residuos vexetais procedentes de podas, talas, follas e céspede de parques e xardíns municipais ou particulares, dos restos orgánicos de carácter doméstico recollidos nas vivendas e nos centros comerciais, así como dos lodos procedentes da estación depuradora de augas residuais do Barco.

A planta de compostaxe, que estará situada na parroquia de Viloira, enmarcase nas directrices do decreto sobre a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente coas entidades locais en materia de xestión de residuos.

O composto que se obteña destes residuos vexetais e orgánicos serán utilizado como fertilizante nas zonas verdes deste municipio así como en proxectos de restauración de espazos degradados da comarca de Valdeorras, como antigas entulleiras.



A MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS DE VERÍN, IMPULSADA POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TEN UN ORZAMENTO DE 183.300 EUROS

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), acometerá o saneamento e canalización do regato de Ábedes, en Verín. Esta actuación, cun custo de 183.300 euros financiado integramente pola Administración hidráulica, ten un prazo de execución de tres meses. O proxecto foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

As obras consisten en canalizar o dito regato e renovar un tramo da rede de saneamento paralela á citada canle, no núcleo de Verín. A canalización do regato de Ábedes e a recollida de augas pluviais da rúa de San Rosendo permitirán ampliar a rede de augas pluviais. O proxecto establece tamén a recollida de augas fecais que existen no tramo final do regato para conducilo á rede de saneamento.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE PÉSAME APROBADA POLO CONSELLO DA XUNTA POLA MORTE DE JOSÉ QUIROGA SUÁREZ

O Consello da Xunta quere manifestar o seu máis profundo pesar polo pasamento de José Quiroga Suárez, presidente da Xunta preautonómica entre 1979 e 1982.

O Goberno de Galicia expresa o seu recoñecemento ao seu labor político a prol da recuperación das nosas institucións de autogoberno e á súa calidade humana e vontade de Galicia.